



En vista da actual evolución epidemiolóxica e da situación asistencial, a Consellería de Sanidade vén de publicar no Diario Oficial de Galicia as novas medidas de prevención destinadas a evitar a propagación da COVID-19 en #Galicia.

As PRINCIPAIS NOVIDADES, que entrarán en vigor na noite de hoxe xoves 25 ao venres 26 de febreiro, ás 00:00 horas, son as seguintes:

NIVEL 3: pola incidencia acumulada nos últimos 14 días inferior aos 250 por 100.000 habitantes.

Mobilidade permitida entre municipios do *mesmo nivel.

** As persoas residentes no Concello de Verín pódense mover aos concellos do mesmo nivel agás aos concellos pertencentes ás Áreas Sanitarias da Coruña, Ferrol e Pontevedra*

HOSTALERÍA: aforo 30% en interior (sen barra) e 50% en terrazas (espazos abertos), aberta ata as 18:00h.

REUNIÓN PERMITIDAS: ata un máximo de 4? persoas non conviventes.

CULTURA: 30% aforo dos espazos - Auditorio Municipal, Biblioteca e Salón de Actos.

DEPORTE: Non federado, de forma individual. Actividades deportivas dirixidas por monitor máx. 4? persoas.

Apertura de instalacións deportivas (Piscina climatizada, PAvillón de Deportes Municipal e Complexo Deportivo de A Granxa).

Sempre con máscara.

LUGARES DE CULTO: 1/3 do seu aforo. Velorios e enterros 5 personas en interior e 15 en exterior.

PARQUES INFANTÍS da vila e das parroquias continúan abertos. Obligatorio gardar distancia seguridade de 1,5 metros.

MEDIDAS VIXENTES EN TODA GALICIA

- A Comunidade Autónoma segue pechada perimetralmente. E tamén a fronteira con Portugal.
- Limitación da mobilidade nocturna, a partir das 22:00 ata as 6:00 horas.
- UNIVERSIDADE: As clases presenciais retomaranse o luns 1 de marzo, despois de realizar un cribado ao alumnado.

Consulta todas as medidas no Diario Oficial de Galicia

- <https://cutt.ly/MIRkn6Y>

- <https://cutt.ly/FIRkpw>

Resumo das medidas: <https://cutt.ly/dlUsRTA>

ESTÁ NAS NOSAS MANS!!!!

#FainoPorTi #fainoportodos #PROTÉXETE!!!

Lembra a norma das 6 M

- Máscara. Uso de máscara todo o tempo posible.
- Mans. Lavado de mans frecuente.
- Metros. Mantemento da distancia física de máis de 1,5 metros.
- Maximizar ventilación e actividades ao aire libre. Manter as xanelas e portas abertas na medida en que sexa seguro e factible segundo a temperatura.
- Minimizar o número de contactos, preferiblemente sempre os mesmos.
- QuédoMe na casa se teño síntomas, diagnóstico ou contacto.